



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O ENTE PÚBLICO PORTOS DE GALICIA E O CLUB NÁUTICO SAN VICENTE PARA A ORGANIZACIÓN DO II RALLY LA BAULE (FRANCIA) E PEDRAS NEGRAS (GALICIA) PARA BARCOSCLÁSICOS E DE ÉPOCA

Santiago de Compostela, a 22 de xullo de 2016

ANTECEDENTES

A promoción a través da competitividade e calidade dos portos deportivos, da náutica deportiva, procura a busca de novos e potenciais usuarios dos seus servizos, así como, rentabilizar os investimentos, de tal xeito que pode reverter importantes beneficios indirectos, tales como o incremento da actividade turística na zona de localización do porto coa correspondente xeración de renda inducida a través da actividade de servizos hostaleiros e industria auxiliar da navegación recreativa, sen prexuízo do emprego indirecto que se cree en relación ó mantemento das embarcacións.

Ademais, o crecente interese que as actividades náutico-deportivas, e especialmente a navegación a vela, esperta na poboación e a evidente proxeción económica da actividade, fai que todo o que se desenvolve neste ámbito teña unha importante cobertura polos medios de comunicación social; precisamente polas razóns expostas é polo que o Ente Público considera de interese a promoción social e económica da actividade náutica deportiva.

Dentro da actividade náutico-recreativa os Clubs Náuticos constitúen asociacións deportivas de carácter non lucrativo que teñen entre as súas funcións: a promoción dos deportes náuticos, ensinanza e perfeccionamento técnico de deportes náuticos para deportistas, participación en competicións e eventos deportivos, a organización de competicións, etc...

O Club Náutico San Vicente, entidade de gran prestixio e tradición fundada no ano 1998, ten probada tradición na organización de eventos de grande envergadura nacional e internacional de vela como é especialmente a REGATA DAS ILLAS ATLÁNTICAS para barcos clásicos e de época, que actualmente está considerada como a mais sobranceira nesta clase.

E, ademais, con carácter trienal organiza un Rally entre a costa francesa e Galicia, tamén para barcos clásicos e de época, que remata, precisamente coa celebración da regata das Illas Atlánticas

En consecuencia,



REUNIDOS:

Dunha parte o Ilmo. Sr. D. Jose Juan Durán Hermida, Presidente do Consello de Administración do ente público Portos de Galicia, con C.I.F.- Q-6550023-C e domicilio a efectos deste convenio na Praza de Europa 5-A, 6º, en Santiago de Compostela, C.P. 15707, sendo as facultades que lle invisten para a presente formalización as previstas no artigo 6.3.g) da Lei 5/1994, do 29 de novembro, de creación do ente público Portos de Galicia, e no artigo 9.h) do Decreto 227/1995, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Ente.

Doutra, o Sr. D. Ulises Bértolo con D.N.I. xxxx, actuando na calidade de Presidente, en nome e representación do Club Náutico San Vicente do Mar (en adiante, CN San Vicente), asociación deportiva sen fin de lucro, con domicilio en Porto de Pedras Negras, San Vicente de O Grove, Pontevedra, inscrita no Rexistro de Clubs da Dirección Xeral de Deportes da Xunta de Galicia co nº 21 e con CIF. G-36.612.752

Ámbalas dúas partes recoñécense reciprocamente competencia e capacidade xurídica para formalizar o presente convenio.

En virtude do exposto, as partes outorgan o presente convenio con suxección ás seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA

O presente convenio ten por obxecto o desenvolvemento do proxecto de promoción do ente público Portos de Galicia, con suxección ás actuacións presentadas polo CN San Vicente, na organización do Rally La Baule – San Vicente.

SEGUNDA

O CN San Vicente comprométese a:

- 1.- Organizar o Rally La Baule



2.- Inserir o logotipo de Portos de Galicia na cartelería da regata, en todos os paneis oficiais, na papelería.

Todos os soportes (pancartas, carteis, etc...) que conteñan publicidade de Portos de Galicia serán responsabilidade do CN San Vicente quen correrá co seguro dos mesmos

3.- Que todos os barcos participantes leven durante toda a regata unha pegatina, grimpola ou similar de Portos de Galicia, na proa de cada barco e en ambas amuras, que será subministrada por Portos de Galicia.

4.- Que Portos de Galicia sexa considerado como copatrocinador da regata que levara un Premio Portos de Galicia co correspondente trofeo na categoría de 6 MFI

5.- Estar presente en todo os actos oficiais un representante de Portos de Galicia a nivel de presidencia ou persoa na que delegue

6.- Que a Conselleira o Mar forme parte do Comité de Honra da Regata.

8.- Este club náutico editará unha memoria ó remate da Regata e deberá subministrar en todo momento a Portos de Galicia a información que este ente lle solicite en relación co obxecto do presente convenio.

TERCEIRA

A colaboración do Ente Público Portos de Galicia materialízase mediante a aportación ao CN San Vicente da cantidade de once mil euros (11.000 euros), con destino a paliar os gastos e suplidos que a colaboración supón, sen que en ningún caso podera conceptuarse como contraprestación onerosa. A partida corresponde á de Publicidade e Propaganda/Información e Divulgación

Como requisito previo para facer efectiva a devandita aportación, o Club Náutico san Vicente deberá presentar a factura correspondente e esta deberá ser conformada e recibida polo órgano competente do Ente Público, que controlará a calidade dos servizos realizados e o cumprimento de tódalas condicións do presente convenio.

CUARTA

Créase unha Comisión Mixta de seguimento, execución e control, e de solución das controversias que puideran derivarse do presente convenio.



A Comisión de Seguimento estará integrada por unha Presidencia que recae no Presidente de Portos de Galicia ou persoa na que delegue, e polos vocais, D. Valentín Domínguez Fernández en representación de Portos de Galicia e da Consellería do Mar, e D. Ignacio Montenegro en calidade de Vicepresidente do CN San Vicente

QUINTA

Este convenio entrará en vigor ó día seguinte ó da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o remate das actividades obxecto desta colaboración e, en todo caso, ata o 31 de decembro de 2016. O presente convenio levase a cabo exclusivamente entre o CN San Vicente, sociedade sen ánimo de lucro, e o ente público Portos de Galicia, sen que exista outra sociedade ou persoa xurídica a terceiros que poida participa ou beneficiarse deste convenio.

SEXTA

O presente convenio ten natureza xurídico administrativa, polo que a xurisdicción contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento das posibles cuestións litixiosas que puideran xurdir como consecuencia deste, sen prexuízo das funcións atribuídas á Comisión de seguimento.

SÉTIMA

O convenio extinguirase automaticamente pola conclusión do seu obxecto, sen necesidade de acto algún.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas polo presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver este.

E, en proba de conformidade e para que así conste, as partes subscriben o presente convenio, por triplicado exemplar e para un só efecto, no lugar e na data ó principio subliñados.

D. José Juan Durán Hermida
Presidente de Portos e Galicia

D. Ullises Bértolo
Presidente do CN San Vicente